Tema/UD	Identif. contidos	Identif. criteri	Identif. Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Peso Cualific.	Instrumentos					Temas transversais									
								Prob .esc.	Prob oral	Trab ind	Trab grup	Cad Cla	Rúb (2)	Obs.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV	
4	B3.3		LGB3.3.1.	CCL/CAA	Explica os procedementos de formación de palabras.	100%		90%		10%							x	x				
			LGB3.3.2	CAA	Recoñece e explica os tipos de morfemas así como a análise morfolóxica	100%		90%		10%							x	x				
			LGB3.3.3	CAA	Recoñece, analiza e explica a estrutura morfolóxica.	100%		90%		10%							x	x				
	B4.3./ B4.4.		LGB4.2.1.	CCL	Describe e interpreta o proceso de construción da variante estándar da lingua galega.	100%		90%		10%							x					
			LGB4.2.2.	CCL/CCEC	Recoñece as interferencias lingüísticas no galego, con especial atención aos castellanismos e desenvolve un discurso propio libre destes elementos.	100%		90%		10%							x	x				
	B1.10		LGB1.10.1.	CAA/CCL	Recoñece en exposicións propias e alleas as dificultades expresivas (incoherencias, repeticións, ambigüidades, mal uso dos rexistros, pobreza léxica, fonética e entoación inadecuada), e identifica interferencias lingüísticas e desviación da norma.	100%		50%		25%				25%		x	x					
B5.3.		LGB5.3.1.	CCL	Identifica, analiza e describe a poesía galega entre 1936 ne 1975: produción bélica e autores/as do exilio, a Xeración de 1936, a	100%		90%		10%							x						



3ª Aval		Estándares de aprendizaxe avaliados /Indicadores de logro (1)				Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación							Temas transversais										
Tema/UD	Identif. contidos	Identif. criteri	Identif. Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Peso Cualific.	Instrumentos							Temas transversais								
								Prob .esc.	Prob oral	Trab ind	Trab grup	Cad Cla	Rúb (2)	Obs.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV		
7	B3.5		LGB3.5.1	CCL/CAA	Identifica e explica as relacións e unidades semánticas.	100%		90%		10%						x	x						
	B4.7	B4.5.	LGB4.5.1.	CCL	Elabora unha descrición esquemática na que se detallan as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características.	100%		90%		10%						x			x				
	B5.5		LGB5.1.	CCL	Identifica, analiza e describe a poesía galega de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros, e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores /as dos 80, os 90 e o novo século.	100%		90%		10%						x							
	B5.6.		LGB5.6.1.	CCL	Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1975 á actualidade, caracterizaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico	100%		90%		10%							x						
	B2.1		LGB2.1.1.	CCL/CCA	Sintetiza as ideas fundamentais do texto en resumos, esquemas e mapas conceptuais.	100%		90%		10%						x	x						
			LGB2.1.2.	CCL	Interpreta o sentido global e identifica a intención comunicativa do emisor en textos expositivos e argumentativos de distintos ámbitos.	100%		90%		10%						x	x						
			LGB2.1.3	CCL	Diferencia as ideas principais e secundarias e sintetiza o contido de textos expositivos e argumentativos de distintos ámbitos.	100%		90%		10%						x	x						
			LGB2.1.4.	CCL/CD/CAA	Utiliza recursos bibliográficos, audiovisuais e dixitais para facilitar a comprensión dun texto e complementar as súas producións.	50%			80%					20%		x	x	x	x				
8	B4.8.	B4.6.	LGB4.6.1	CCL/CSC	Analiza e interpreta a evolución da conciencia lingüística na historia da lingua galega.	100%		90%		10%						x			x				
	B5.5		LGB5.5.2	CCL	Identifica, analiza e describe a prosa galega de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros, e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores /as dos 80, os 90 e o novo século.	100%		90%		10%						x		x					
	B5.6.		LGB5.6.2	CCL	Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1975 á actualidade, caracterizaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	100%		90%		10%						x							
			LGB2.4.1.	CCL	Describe os trazos morfosintácticos, léxico- semánticos e pragmático-textuais de textos expositivos e argumentativos.	100%		90%		10%						x	x						
	B2.4		LGB2.4.2.	CCL	Recoñece e explica a función no texto dos distintos procedementos de cita: estilo directo, estilo indirecto, estilo indirecto libre, e cita encuberta.	100%		90%		10%						x	x						
9	B5.5		LGB5.5.3.	CCL	Identifica, analiza e describe o teatro galego de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros, e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores /as dos 80, os 90 e o novo século.	100%		90%		10%						x							
	B5.6		LGB5.6.3.	CCL	Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1975 á actualidade, caracterizaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	100%		90%		10%						x							

6.-METODOLOXÍA

ESO

1.-ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS

1.1. Aspectos xerais

O ensino da lingua e da literatura debe axudar a ir consolidando a competencia comunicativa con actividades axeitadas ás capacidades do alumnado. Para iso, pátense de textos orais e escritos de diferentes tipoloxías e funcións creados para a comunicación.

Na comunicación oral procurarase que o alumnado sexa capaz de producir mensaxes axeitadas, coherentes, cunha fonética propia da nosa lingua, facendo fincapé naquelas formas predominantes na práctica escolar

(resumos, exposicións, conversas...)

A aprendizaxe realízase a partir de situacións reais nas que cumpra aplicar algunha técnica en concreto (resumo, esquema, comentario de texto...), co fin de desenvolver no alumnado a capacidade de saber aprender.

O discurso literario é un material imprescindible para fomentar o hábito de lectura, para enriquecer o léxico e para desenvolver a capacidade de comprensión e expresión. O comentario de textos que se practica en todas as unidades, constitúe un procedemento que contribúe á formación de lectores que disfruten cos textos e saiban explicalos e valoralo.

A reflexión sobre a lingua, tanto a nivel oral como escrito, ten por obxectivo principal axudar ó desenvolvemento da competencia lingüística.

Xa que a lingua é tamén un sistema de valores procurarase desterrar os estereotipos racistas, sexistas e de clase social así como calquera tipo de prexuízo lingüístico.

Atenderase á diversidade con tarefas de diferente dificultade.

1.2.Estratexias metodolóxicas

Posibles estratexias:

- Lectura comprensiva
- Memorización comprensiva
- Extracción do tema principal e das ideas secundarias.
- Elaboración de sínteses.
- Comentario de textos.
- Resolución de dúbidas.
- Procura e tratamento da información en textos, prensa, revistas, documentos...
- Redacción de diferentes tipos de textos tanto orais como escritos.
- Elaboración individual e en grupo de diferentes actividades.

1.3.Secuenciación habitual do traballo na aula

Posible secuencia:

Motivación:

- Proposta dun concepto mediante caso práctico e cuestións que fagan pensar sobre el

Información do profesor/a:

- Información básica para todo o alumnado
- Información complementaria para reforzo e apoio
- Resolución de exercicios e dúbidas existentes

Traballo persoal

- Lectura e comprensión de textos
- Resolución de actividades
- Resposta a preguntas
- Comentario de textos
- Memorización comprensiva

Avaliación:

- 2.-
- Análise de producións individuais : caderno, textos ...
 - Probas orais (lectura en voz alta, exposicións...)
 - Probas escritas
 - Observación do traballo na aula e na casa
 - Traballo e esforzo individuais

OUTRAS DECISIÓNS METODOLÓXICAS

2.1. Agrupamentos

En principio os alumnos sentarán en fileiras de acordo co protocolo establecido polas autoridades sanitarias para este curso 2021-2022, polo que será difícil que traballen en grupo.

2.2. Espazos

As clases terán lugar na aula.

2.3. Materiais e recursos didácticos

Variados, dende o material dixital considerado como referencia e consulta (Edixgal) pasando polas páxinas webs de exercicios interactivos, libros de consulta e de lectura así como materiais preparados polas profesoras subidos a aula virtual, a edixgal ou entregados en papel. Estes materiais inclúen actividades de reforzo de cada unha das unidades, actividades de repaso das diferentes unidades, exercicios a partir de textos...

Ademais en cada avaliación o alumnado lerá unha obra obrigatoria indicada pola profesora.

BACHARELATO

1.-ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS

1.1-Aspectos xerais

A metodoloxía didáctica en Bacharelato debe favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e para aplicar os métodos apropiados de investigación e tamén debe subliñar a relación dos aspectos teóricos das materias coas súas aplicacións prácticas.

No bacharelato, o ensino da lingua e da literatura debe consolidar a competencia comunicativa con actividades axeitadas ás capacidades do alumnado.

Na comunicación oral partírase da produción de mensaxes axeitados, coherentes, facendo fincapé naquelas formas predominantes na práctica escolar (exposicións, resumos, lecturas en voz alta...) e en grupo (debates, conversas...)

A aprendizaxe realizarase a partir de situacións reais nas que teñan que aplicar algunha técnica determinada (resumos, esquemas, comentario de textos...) para desenvolver no alumnado a capacidade de saber aprender.

O comentario de textos traballarase en todas as unidades.

A aprendizaxe da literatura vaise centrar na lectura e na análise de textos representativos da nosa literatura.

Fomentarase o hábito lector.

Os estudantes manifestan unha gran diversidade de intereses, motivacións, capacidades e estilos de aprendizaxe. Hai estudantes reflexivos (detéñense na análise dun problema) e estudantes impulsivos (responden moi rapidamente); estudantes analíticos (pasan lentamente das partes ao todo) e estudantes sintéticos (abordan o tema desde a globalidade); uns traballan durante períodos longos e outros necesitan descansos; algúns necesitan un reforzo continuo e outros non; hainos que prefiren traballar sós e hainos que prefiren traballar en pequeno ou gran grupo.

Considerarase esa diversidade expoñendo a información de diferentes formas (textos explicativos, cadros-resumo, esquemas), utilizando os recursos que se ofrecen na rede e ofrecendo unha gran tipoloxía de actividades.

1.2. Estratexias metodolóxicas

Entre as estratexias didácticas encóntranse:

- Lectura e memorización comprensivas.
- Extracción de idea principal e ideas secundarias.
- A análise e a reflexión sobre conceptos, textos ou ideas complexas.
- A investigación lingüística e literaria; a construción de ideas novas e xuízos críticos.
- Realización de resumos.
- Comentario de textos.
- Elaboración individual ou en grupo de traballos de investigación.
- Recompilación de conceptos.

1.3.Secuenciación habitual de traballo na aula

Faranse actividades de diversos tipos que responden a diferentes enfoques, formas de aprendizaxe e niveis de complexidade, individuais ou de grupo, asociadas ou non a técnicas determinadas e en función dos campos traballados da lingua e a literatura.

- Motivación: Proposta dun concepto con un caso práctico e preguntas que fagan pensar sobre el.
- Información do profesor.
- Actividades de comentario
- Actividades de escritura
- Resolución de actividades e dúbidas sobre o concepto
- Lectura comprensiva de textos, procura de datos.
- Memorización comprensiva
- Para avaliar ao alumnado terase en conta as probas escritas, as probas orais (lectura en voz alta, conversas, os exercicios corrixidos en clase...), traballo e esforzos individuais, lectura de libros indicados pola profesora, comentarios de calquera tipo de texto e traballo e esforzo individuais.

2. OUTRAS DECISIÓNS METODOLÓXICAS

2.1. Espazos

As clases terán lugar na aula. Este ano tampouco será aula-materia, seguirán a ser aula-grupo en todos os niveis, a causa da pandemia. Ademais previsiblemente, algunhas clases serán impartidas de xeito telemático a través da aplicación Cisco Webex e farase emprego case continuado da aula virtual do centro para poder facer fronte as ausencias en caso de confinamentos parciais ou totais.

2.2. Materiais e recursos didácticos

Variados, dende o libro de texto considerado como referencia e consulta pasando polas páxinas webs de exercicios interactivos, libros de consulta e de lectura así como materiais preparados polas profesoras subidos á aula virtual ou entregados ó alumnado na aula. Estes materiais inclúen actividades de reforzo de cada unha das unidades, actividades de repaso das diferentes unidades, exercicios a partir de textos, etc.

7.-AVALIACIÓN

ESO

AVALIACIÓN INICIAL

Temporalización: realizarase nas tres primeiras semanas do curso.

Tipo de proba: a proba estará centrada nas competencias comunicativas do alumnado (expresión e comprensión). Terá unha parte oral (unha presentación persoal, por exemplo) e unha parte escrita (comprensión dun texto, cuestións gramaticais, elaboración dun texto, léxico).

Á parte disto, ao comezar o estudo de cada unidade formularanse unha serie de preguntas sobre o tema para saber cales son os coñecementos previos do alumno e adaptar as explicacións aos mesmos.

Información ás familias: informaranse a través dos alumnos. Das valoracións de ditas probas informarase ao titor para que informe ás familias.

Consecuencias: os resultados destas probas non serán reflectidos na nota. Empregaranse para coñecer a competencia inicial do alumnado e así atender á diversidade (reforzos, apoios, ACS).

AVALIACIÓN CONTINUA

Temporalización: realizaranse como mínimo dúas probas escritas por avaliación.

Tipo de proba: avaliaranse parte dos estándares (léxico, ortografía, cuestións gramaticais, redacción de textos, preguntas teóricas de literatura e/ou sociolingüística e historia da lingua galega). Outros estándares serán avaliados en

traballos individuais ou en equipo; as observacións feitas polo profesor no seu caderno de clase (traballo diario na aula, traballo fóra da aula, esforzo, participación, interese, actitude cara á materia, emprego da lingua galega, respecto, material...); o caderno do alumno; probas orais e lectura en voz alta; proba escrita dun libro de lectura...

Nota avaliación

A cualificación de cada unha das avaliacións calcularase da seguinte maneira:

- Nota media das probas escritas que se cuantificarán con un 70%. Non se calculará a nota media con unha nota inferior ao 3. Terase en conta a corrección ortográfica e gramatical, descontando 0.05 por cada erro de acentuación e 0.1 por calquera outro tipo de erro (castelanismos, grafías...) até un total de 2 puntos en cada proba.
- Textos escritos (redacción de diferentes tipos de textos e a proba sobre o libro de lectura) que se valoran con un 10%.
- Observacións feitas polo profesor no seu caderno de clase (traballo diario na aula, traballo fóra da aula, esforzo, participación, interese, actitude cara á materia, emprego da lingua galega, respecto, material...) que se valoran un 10%.
- Probas orais que se cuantificarán con un 10%. Neste apartado terase en conta o correcto uso da lingua galega a nivel fonético, gramatical e léxico, as lecturas en voz alta, conversas, resumos de textos que se len en clase, debates, corrección en voz alta dos exercicios realizados na aula...

Recuperación das avaliacións: realizarase unha proba escrita de recuperación por avaliación, na que se avaliarán todos os estándares das unidades estudadas na avaliación. Para acadar o aprobado haberá que acadar como nota mínima un 5. Se non se aproban estas probas, o alumno terá que presentarse ás probas finais de fin de curso.

AVALIACIÓN FINAL

Nota final: Para calcular a nota final en xuño farase a media das tres avaliacións. Non se calcula a media con unha cualificación inferior a 3. Para o alumnado que teña que facer a recuperación dalgunha avaliación a cualificación que se terá en conta será a da recuperación.

Proba final: realizarase unha proba final no mes de xuño. A proba será escrita e nela avaliaranse todos os estándares, sobre todo aqueles con grao de consecución máis alto. (100%). Para acadar o aprobado haberá que acadar como nota mínima un 5.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

Os alumnos que non fosen avaliados positivamente na convocatoria ordinaria de xuño terán unha proba extraordinaria antes do 21 de xuño. Será unha proba escrita na que se avaliarán todos os estándares, sobre todo aqueles con grao de consecución máis alto (100%). Para acadar o aprobado haberá que acadar como nota mínima un 5.

BACHARELATO

AVALIACIÓN INICIAL

Temporalización: realizarase nas primeiras semanas de outubro.

Tipo de proba: farase unha proba escrita e ademais irase facendo unha observación durante as primeiras semanas do curso para determinar os coñecementos previos do alumnado.

Información ás familias: as familias serán informadas dos resultados, sobre todo nos casos nos que cremos necesario a realización de apoios ou outras medidas.

Consecuencias: os resultados non serán reflectidos na cualificación do alumno. Servirán para determinar o tipo de curso e para levar a cabo medidas extraordinarias.

AVALIACIÓN CONTINUA

Temporalización: Realizarase como mínimo unha proba escrita por avaliación.

Cualificación

Para avaliar empregaremos os **seguintes instrumentos:**

- Caderno de notas do profesor : anotacións que vai facendo o profesor tendo en conta a súa actitude cara á materia (interese; atención; emprego correcto da lingua galega a nivel léxico, morfosintáctico e fonético; participación; asistencia á clase); o traballo na aula (esforzo, traballo diario, respecto, entrega de traballos na data sinalada) ; realización das actividades fóra da aula (comentario de textos, actividades indicadas polo profesor, estudo das cuestións teóricas); resolución oral das actividades e preguntas feitas polo profesor.
- Probas escritas: realizarase como mínimo unha proba escrita por avaliación na que se avaliarán os estándares segundo os criterios de avaliación propostos.
- Elaboración de textos escritos: redacción de diferentes tipos de textos, lectura e comentario de textos literarios ou non e unha proba escrita sobre un libro de lectura.

Nota avaliación

A nota de cada unha das avaliacións será o resultado de:

- Nota media da/s proba/s escrita/s realizada/s por avaliación (70%). Para calcular a media hai que ter como mínimo unha cualificación de 3. Terase en conta a corrección ortográfica e gramatical descontando por cada erro moi grave (solución alleas ao sistema lingüístico do galego como os tempos compostos, a colocación do pronome persoal átono, castelanismos léxicos, etc.) un (0,2) e por cada erro grave (solucións ortográficas alleas á normativa como grafías b/v, h, y, s/x ou tiles diacríticos un (0,1) até un máximo de 2 puntos por exame.
- Observacións feitas polo profesor no seu caderno de clase (10%).
- Elaboración de textos escritos, comprensión, comentario de textos e libro de lectura. (10%).

- Probas orais (10%). Terase en conta o emprego correcto da lingua galega a nivel fonético, gramatical e léxico; así como a lectura de textos en voz alta, a participación en conversas, debates, resumos, a corrección en voz alta dos exercicios realizados en clase...

Se o alumno non se presenta a un exame terá que presentar un xustificante oficial ou non se lle repetirá o exame.

O alumno ten a obriga de traer o material necesario para o normal desenvolvemento da clase (libro de texto e/ou material solicitado ou entregado polo profesor); de non o facer poderá ser penalizado con un desconto de até un 20% na nota da avaliación.

O profesor poderá descontar até o 30% da nota final da avaliación ao alumnado que mostre desinterese pola materia ou altere a orde na clase (falar, non atender, non seguir as indicacións do profesor ...). Para descontar esa puntuación o profesor avisará por escrito ao profesor titor do alumno.

As faltas de asistencia inxustificadas ou non xustificables poden conlevar á perda ao dereito á avaliación continua do alumno e terá que presentarse ao exame final de xuño que abrangue toda a materia vista ao longo do curso académico.

Recuperación das avaliacións: realizarase unha proba escrita de recuperación por avaliación, na que se avaliarán todos os estándares das unidades estudadas na avaliación. Para acadar o aprobado haberá que acadar como nota mínima un 5. Se non se aproban estas probas, o alumno terá que presentarse ás probas finais de fin de curso.

AVALIACIÓN FINAL

Nota final: calcularase coa media das notas das tres avaliacións. Para o alumnado que realizou algunha proba de recuperación de avaliacións, a cualificación desta será a que se terá en conta para calcular a nota final.

Proba final: realizarase no mes de xuño unha proba escrita de toda a materia para o alumnado non avaliado positivamente. Para aprobar o alumno terá que acadar como nota mínima un 5.

Tipo de proba: será unha proba escrita de toda a materia do curso (gramática, léxico, fonética, literatura, comentario de texto, historia da lingua, sociolingüística, elaboración de diferentes tipos de textos). Para aprobala o alumno terá que acadar como mínimo un 5.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

O alumnado que non fose avaliado positivamente na avaliación ordinaria terá unha proba extraordinaria antes do 21 de xuño en 1º de BAC e no mes de maio en 2º BAC. A proba será escrita e as preguntas estarán relacionadas cos diferentes apartados do currículo (literatura, comentario de textos, gramática, elaboración de diferentes tipos de textos, fonética, léxico, historia da lingua, sociolingüística). Para aprobar o alumno terá que acadar como mínimo un 5.

En todas as probas escritas teranse en conta a corrección gramatical e ortográfica descontando até un máximo de 2 puntos por exame.

8.-PROCEDEMENTO DE RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE PENDENTES

Informarase ao alumnado de que deberá presentarse á realización de probas extraordinarias para superar a materia pendente.

A materia obxecto de exame será a que figura na programación anual do centro. Os contidos mínimos esixibles e os criterios de avaliación serán os mesmos cós do curso pendente en cada caso e estarán á súa disposición.

As convocatorias faranse públicas nos taboleiros de anuncios do instituto e na aula virtual no curso de lingua galega e literatura. Realizaranse en horario non lectivo, fixado por Xefatura de Estudos, e serán as dúas perceptivas: en maio e en setembro. Ademais das probas anteriores, fragmentaráselles a materia ou materias pendentes en dúas partes examinándose dunha parte en xaneiro / febreiro e da outra en marzo/abril. O alumnado que supere estas dúas probas non terá que ir á convocatoria de maio co cal xa lle quedará aprobada a materia pendente.

O alumnado con materias pendentes doutros cursos poderá solicitar do Departamento as orientacións que precise. Haberá á súa disposición material bibliográfico, exercicios, etc. para cada unha das materias. De igual xeito os membros do Departamento propoñerán ós/ás alumnos/-as con materia pendente traballos e actividades de reforzo na aula e fóra dela para repasar os contidos pendentes de avaliación. Poderá solicitar axuda, sempre que o precisen, para resolver calquera dúbida, e haberá tamén atención específica por parte da xefa de departamento no seguinte horario: **xoves 12:25-12:45 (recreo)**

Para a avaliación da materia pendente teranse en conta non só a nota do exame (só na ESO) senón tamén todas as probas que se realicen ó longo do curso así como as actividades de repaso que se lle proporcione ó alumnado (neste apartado pódese obter unha nota máxima de 3 puntos que se sumará á nota do exame sempre que este teña como nota mínima un 3.

9.- Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente	Escala			
(Indicadores de logro)				
Proceso de ensino:	1	2	3	4
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?				
8.- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?				

9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				

Práctica docente:	1	2	3	4
1.- Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado				
2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
7.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
8.- Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				
9.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
10.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc?				
11.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				
12.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
13.- Cal é o grao de implicación nas funcións de tutoría e orientación do profesorado?				
14.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
15.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares				
16.- Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?				

10.-AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

1.- Mecanismo revisión

Avaliar a Programación supón un plantexamento de avaliación continua e formativa. É dicir, debe plantexarse unha avaliación inicial, procesual e final de cada unha das fases e dos elementos que compoñen o programa. A avaliación do desenvolvemento e dos resultados do programa desenvolverase en distintos momentos ó longo do curso.

Realizaremos un seguimiento da Programación aquí proxectada revisando a súa efectividade ó longo do curso, en cuestións como: contidos, temporalización, obxectivos mínimos, metodoloxía, motivación do alumnado...

2.- Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica (Indicadores de logro)	Escala			
	1	2	3	4
1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?				
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización?				
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas				
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
8.- Asígnouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?				
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				
10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?				
11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?				
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?				
15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				
16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				
17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos?				
18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.				
19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación				
20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?				
21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?				
22.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?				
23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?				
24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?				
25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?				
26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?				
27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15)				
30.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso				
31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?				
32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				

Observacións:

11.-MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

MEDIDAS ORDINARIAS

EXENCIÓN EN LINGUA GALEGA

Este curso contamos con algún alumno que solicitou a exención na materia de Lingua Galega e Literatura por proceder de centros de fóra de Galicia e de fóra de España. Este alumnado ten o deber de asistir ás clases desta materia e de seguir as indicacións da profesora, mais non vai ser avaliado nesta materia.

Ademais hai dous alumnos chegados de Perú en 2019 que non aproveitaron suficientemente esta medida xa que o primeiro ano coincidiulles co confinamento co cal o seu contacto co galego oral, por exemplo, foi moi escaso.

REFORZO DE LINGUAS AO ALUMNADO EXENTO DE FRANCÉS

O alumnado exento na materia de Francés de 1º e 2º ESO recibirá apoio en lingua galega e castelá.

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

No caso do alumnado de 1º e 2ª ESO, varios alumnos e alumnas recibirán apoio na aula e fóra da aula por parte da profesora de PT.

Este curso haberá un grupo de 2º de PMAR e outro de 3ª.

ADAPTACIÓNS CURRICULARES E REFORZOS

En principio non parece necesario realizar ningunha adaptación curricular, iso si, haberá reforzos educativos para o alumnado que o precise. Tamén se lles consignará esta medida de reforzo ós alumnos e alumnas que se incorporan a 4º ESO despois de realizar 3º PMAR o curso pasado.

12.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

A situación sanitaria que atravesamos obríganos a reducir as actividades dentro e fóra do centro ante a dificultade para garantir a seguridade do alumnado: ventilación, distancias mínimas no transporte ou na propia actividade, etc. No caso de que sexa posible intentaremos realizaremos as seguintes.

1º TRIMESTRE

Realización en colaboración co Departamento de Relixión o de Educación Plástica e Visual e o EDLG dun concurso de carteis ou de relatos de Nadal con temática relacionada con estas festas. Os traballos realizados e mais os gañadores serán expostos nos taboleiros do centro.

2º TRIMESTRE

Celebración do Entroido: concurso de receitas de cociña, carteis alusivos a esta data e concurso de disfraces. (colabora EDLG)

3º TRIMESTRE

Realización da última etapa do Camiño de Santiago (Pedrouzo-Santiago) Esta actividade organízase en colaboración co EDLG e está aberta a todo o alumnado e a a todo o profesorado.

Celebración do Día das Letras Galegas en colaboración co EDLG, Departamento de Música, Vicedirección, cos seguintes actos:

- Realización e exposición de murais relacionados con esta data e co autor Florencio Delgado Gurriarán.
- Recital poético por parte do alumnado do centro
- Conferencia ou charla sobre o autor homenaxeado.
- Representación teatral
- Actuacións musicais por parte do alumnado do centro

POSIBLES ACTIVIDADES PREVISTAS SEN CONFIRMACIÓN DE DATAS

Clubs de lectura. Seguimos colaborando co Grupo de Traballo da Biblioteca na coordinación e organización dos clubs de lectura que temos non centro. Lese un libro ó mes e faise unha reunión para comentar o libro lido.

Representación dalgunha obra de teatro en lingua galega no centro ou en colaboración cos grupos de teatro da zona.

Asistencia a algún espectáculo en lingua galega (teatro, cine...) aínda que sexa virtualmente.

Conferencia por parte dalgún escritor, xornalista e tradutor ou persoa que traballe no proceso de normalización da lingua galega.

Actividade plurianual. Ao longo deste curso académico faremos recompilación de frases feitas da nosa lingua e realización de murais das mesmas. Esta actividade complementarase co traballo noutros aspectos da nosa lingua (refrás, cantigas populares.)

Elaboración de lemas en lingua galega e exposición de traballos realizados polo alumnado, coincidindo con datas sinaladas como o Samaín, Día da Paz, o Día da Muller Traballadora... e exposición dos traballos realizados.

Incluiranse tamén as actividades que ao longo do curso propoña a Consellería de Educación, así como a participación en concursos convocados por outros organismos (Concellos, centros escolares.)

Este departamento colaborará en todas as actividades organizadas polo EDLG e polo Grupo de Traballo da Biblioteca.

Algunhas actividades do segundo e do terceiro só se realizarán no caso de que a situación sanitaria mellore. En caso contrario, tratarase de adaptalas, na medida do posible, e priorízase a realización de novas actividades que se poidan desenvolver de xeito telemático ou individual.

13.-DATOS DO DEPARTAMENTO

MATERIA	CURSO	GRUPOS	PROFESORA
Lingua Galega e Literatura	1º ESO	A	Mª Dolores Mariño Otero
Lingua Galega e Literatura	1º ESO	B	Marta Mª Cobas Martínez
Lingua Galega e Literatura	2º ESO	A	Marta Mª Cobas Martínez
Lingua Galega e Literatura	3º ESO	A/B	Marta Mª Cobas Martínez
Lingua Galega e Literatura	4º ESO	A	Mª Dolores Mariño Otero
Lingua Galega e Literatura	1º BAC	A	Mª Dolores Mariño Otero
Lingua Galega e Literatura	2º BAC	A	Marta Mª Cobas Martínez
Ámbito Lingüístico e Social	3º ESO	PMAR	Mª Dolores Mariño Otero
Comunicación e sociedade II	2º FP Básica	1 grupo	Marta Mª Cobas Martínez
Xefatura de departamento	Marta Mª Cobas Martínez		
Dinamización lingüística	Mª Dolores Mariño Otero		
Reunión departamento	Martes 4-4:50 (tarde)		

14.- ANEXO Á PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA PARA O CURSO 2021-2022

Debido á situación de excepcionalidade derivada da actual pandemia e tendo en conta os tres escenarios posibles durante este curso académico, contéplase a modificación dalgúns aspectos da programación de referencia tal e como se reflicte no seguinte cadro.

TIPO DE EDUCACIÓN	SEGUIMENTO DAS CLASES	METODOLOXÍA	ESTÁNDARES	AVALIACIÓN
EDUCACIÓN SEMIPRESENCIAL				
Un ou varios alumnos/as dun grupo ausentes por quince días de corentena ou un período indeterminado no caso de alumnado positivo en COVID.	Cando? 1. Na hora de clase, se é posible. 2. Nos días e horas pactados previamente co alumnado, se non hai outra posibilidade.	Actividades: As que realicen os seus compañeiros na aula, adaptándoas sempre que sexa necesario por motivos de saúde, dificultades de conexión a Internet, etc.	Os que se traballen na aula co resto do grupo durante ese período.	Procedementos: -Observación sistemática. -Análise das súas producións. -Proba escrita e/ou oral cando se incorpore (se son quince días). -Probas específicas a través de videoconferencia, streaming, etc. en caso dun período de ausencia máis longo.
	Como? 1. Por streaming en directo se é posible. 2. Por videoconferencia, individualmente, en horario pactado co alumnado, se é imprescindible e especialmente se ten dificultades para conectarse ou ten necesidades educativas específicas. 3. A través da aula virtual, EDIXGAL (1º de ESO) e o correo electrónico o alumnado poderá consultar as	Metodoloxía: 1.-Impartir clases por streaming en directo. 2.-Facer chegar ao alumnado o contido das clases por medio de presentacións, relato, audio, ou vídeo colgado na AV. 3.-Crear un curso específico na AV para o alumnado nesta situación (motivos de saúde, alumnado con necesidades educativas específicas de apoio educativo, integración tardía no sistema educativo, TDAH, etc..). 4.-Enviar instrucións, directrices ou tarefas a través dos foros da AV.		Instrumentos: Os sinalados na programación de referencia. Se o período de ausencia fose longo diminuírase a carga porcentual das probas escritas en favor das probas orais, os traballos individuais e a observación sistemática.

	dúbdas, recibir e entregar as tarefas, participar nos foros, recibir material complementario, etc.	Materiais e recursos: -Libro de texto. -EDIXGAL en 1º ESO. -Material complementario na aula virtual. -Libros de lectura. -Aplicación “Cisco Webex”. -Presentacións dixitais. -Foro de novas da AV. -Material preparado e entregado polas profesoras previamente ó alumnado. -Recursos de Internet.		
EDUCACIÓN SEMIPRESENCIAL				
De todo o grupo, por un período de quince días de corentena ou tempo indeterminado no caso de alumnado positivo na COVID.	Cando? 1. Na hora de clase, se é posible. 2. Nos días e horas establecidas e acordadas co resto de docentes dese grupo.	Actividades: Priorizaranse actividades de reforzo e de repaso do visto anteriormente. Non obstante, se a situación se estende no tempo daráselles prioridade a aquelas actividades relacionadas cos estándares programados para ese período cuxo valor na programación de referencia é do 100%.	Os que teñen un valor do 100% na programación de referencia.	Procedementos: -Observación sistemática. -Análise das súas producións. -Proba escrita e/ou oral cando se incorpore o alumnado (se son quince días). - En caso dun período de ausencia máis longo realizaranse probas específicas utilizando distintas ferramentas dixitais: presentacións, Kahoot, cuestionarios, videoconferencias, etc.
	Como? 1. Por videoconferencia, a través de “Cisco Webex”. 2. Por videoconferencia, individualmente, en horario pactado co alumnado, se é imprescindible e especialmente se ten dificultades para conectarse ou ten necesidades educativas específicas.	Metodoloxía: 1.-Impartir clases por videoconferencia. 2.-Facer chegar ao alumnado o contidos por medio de presentacións, relato, audio, ou vídeo colgado na AV. 3.-Crear un curso específico na AV para alumnado con necesidades educativas específicas de apoio educativo, integración tardía no sistema educativo, TDAH, etc..). 4.-Enviar instrucións, directrices		Instrumentos: Os sinalados na programación de referencia. Se o período de ausencia fose longo diminuírase a carga porcentual das probas escritas en favor das probas orais, os traballos individuais e a observación sistemática.

	3. A través da aula virtual, EDIXGAL (1º de ESO) e o correo electrónico o alumnado poderá consultar as dúbidas, recibir e entregar as tarefas, participar nos foros, recibir material complementario, etc.	ou tarefas a través dos foros da AV. Materiais e recursos: -Aplicación “Cisco Webex”. -Aula virtual. -Presentacións dixitais. -Foro de novas da AV. -Edixgal en 1º ESO. -Libros de texto -Libros de lectura. -Material preparado e entregado polas profesoras previamente ó alumnado. -Recursos de Internet.		
EDUCACIÓN NON PRESENCIAL				
En caso de confinamento ou peche de todo o IES.	Cando? 1. Na hora de clase, se é posible. 2. Nos días e horas establecidas e acordadas co resto de docentes dos diferentes grupos.	Actividades: Priorizaranse actividades de reforzo e de repaso do visto anteriormente. Non obstante, se a situación se estende no tempo daráselles prioridade a aquelas actividades relacionadas cos estándares programados para ese período cuxo valor na programación de referencia é do 100%.	Os que teñen un valor do 100% na programación de referencia.	Procedementos: -Observación sistemática. -Análise das súas producións. -Proba escrita e/ou oral cando se incorpore o alumnado (se son quince días). - En caso dun período de ausencia máis longo realizaranse probas específicas utilizando distintas ferramentas dixitais: presentacións, Kahoot, cuestionarios, videoconferencias, etc.
	Como? 1.Videoconferencia, a través de “Cisco Webex”. 2. Por videoconferencia, individualmente, en horario pactado co alumnado, se é imprescindible e principalmente se ten necesidades educativas específicas.	Metodoloxía: 1.-Impartir clases por videoconferencia. 2.-Facer chegar ao alumnado o contidos por medio de presentacións, relato, audio, ou vídeo colgado na AV. 3.-Crear un curso específico na AV para alumnado con necesidades educativas específicas de apoio educativo, integración tardía no sistema		Instrumentos: Os sinalados na programación de referencia. Se o período de ausencia fose longo diminuírase a carga porcentual das probas escritas en favor das probas orais, os traballos individuais, a observación

	<p>3. A través da aula virtual, EDIXGAL (1º de ESO) e o correo electrónico o alumnado poderá consultar as dúbidas, recibir e entregar as tarefas, participar nos foros, recibir material complementario, etc.</p>	<p>educativo, TDAH, etc.). 4.-Enviar instrucións, directrices ou tarefas a través dos foros da AV.</p>		<p>sistemática e probas específicas deseñadas con ferramentas dixitais diversas.</p>
		<p>Materiais e recursos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Aplicación “Cisco Webex. -Aula virtual. -Presentacións dixitais. -Foro de novas da AV. -Edixgal en 1º ESO. -Libros de texto -Libros de lectura. -Material preparado e entregado polas profesoras previamente ó alumnado. -Recursos de Internet. 		